

Concello de Viveiro

EXPTE.- 8542/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do sábado, 21 de novembro de 2020 N.º 268, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN ADMINISTRATIVO con carácter temporal, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2020” segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2020.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2020” segundo as bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2020.

Vista a base xeral 8.3, que sinala “(...) **LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS.-** Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos. Esta lista definitiva será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital...”

Vista a base xeral 9, que sinala “(...) **PROBA DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.-** Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases...”

“(...)O Tribunal determinará a data, lugar e hora da realización destas probas, que deberá publicarse no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e taboleiro de anuncios dixital. Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 horas...”

Tendo en conta que dada a urxente e inaprazable necesidade do nomeamento dun administrativo para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2020” segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2020, atendendo ao prazo de xustificación da subvención con cargo á cal se realiza o presente proceso selectivo.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Citar a todos os aspirantes que figuran na lista provisional de admitidos e excluídos na que se indica **“NON EXENTO ou Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 5 f) bases xerais”**, da realización

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

da proba de galego, por motivos de urxente e inaprazable necesidade, a acudir o día 29 de decembro de 2020 ás 13:00 h. no Salón de Plenos deste Concello para a realización da proba de galego, coa seguinte salvidade:

Únicamente deberán realizar nesta data a proba de galego os referidos aspirantes que figuren na lista definitiva de admitidos e excluídos con **“admitidos e NON EXENTOS”**.

Polos motivos de urxencia referidos e toda vez que o prazo de alegacións á lista provisional remata o vindeiro 28 de decembro, co fin de convocar esta proba coa suficiente antelación dítase a presente resolución, facendo fincapé en que os aspirantes finalmente obrigados á realización da proba de galego serán os que figuren na lista definitiva de admitidos e excluídos como ADMITIDOS e NON EXENTOS.

A lista definitiva de admitidos e excluídos será ditada e publicada o vindeiro día 29 de decembro, antes das 9:30 h.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para o día 29 de decembro ós efectos de levar a cabo a revisión da documentación presentada nas alegacións á lista provisional, elaborar proposta de lista definitiva de admitidos e excluídos, realizar a proba de galego, e a continuación a valoración de méritos.

TERCEIRO.- Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do
Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

